

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Decreto 43/2009, do 26 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 267/2002, do 13 de xuño, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa.

No *Diario Oficial de Galicia* número 182, do 20 de setembro de 2002, publicouse o Decreto 267/2002, do 13 de xuño, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 13 de xuño de 2002.

Entre outras previsións normativas, o citado decreto, no seu artigo 9, creou un rexistro para inscribir as persoas habilitadas para efectuaren traducións e interpretacións xuradas para o galego e do galego para outras linguas. O rexistro foi denominado Rexistro de Tradutores e Intérpretes Xurados Habilitados.

Atendendo ás peticións formuladas por persoas interesadas e por asociacións do sector, e ás disposicións da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (publicada no DOG número 149, do 3 de agosto), co obxecto de corrixir as discriminacións e avanzar no camiño da igualdade, cómpre cambiar o nome do Rexistro de Tradutores e Intérpretes Xurados Habilitados para darlle unha denominación máis acorde coa sensibilidade actual de uso non sexista da linguaxe.

Tendo en conta o exposto, en virtude do uso da competencia atribuída polo artigo 34.5º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do vinte e seis de febreiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do Decreto 267/2002, do 13 de xuño, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa.

Modifícase o artigo 9 do Decreto 267/2002, do 13 de xuño, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa, que queda redactado como segue:

«Artigo 9º.-*Rexistro Oficial de Profesionais da Tradución e Interpretación Xuradas doutras Linguas para o Galego e Viceversa.*

1. A Secretaría Xeral de Política Lingüística levará o Rexistro Oficial de Profesionais da Tradución e

Interpretación Xuradas doutras Linguas para o Galego e Viceversa.

2. Os datos que deben figurar no rexistro son nome e apelidos, NIF, data de nacemento, sexo, enderezo, teléfono, número de rexistro, data de alta no rexistro, tipo de alta (habilitación directa ou mediante convocatoria), titulación, modalidade da habilitación (tradución/interpretación) e lingua ou linguas.

3. O cambio de calquera destes datos debe ser comunicado polas persoas interesadas, para o seu asentamento no rexistro.

4. Os datos do rexistro son públicos».

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e seis de febreiro de dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 44/2009, do 29 de xaneiro, polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo e técnico deportivo superior en atletismo.

O Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro e o Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polos que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, desenvolven as ensinanzas que conducen á obtención dos títulos de técnico deportivo e técnico deportivo superior, mencionadas no artigo 55 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte. Así mesmo, aproban as directrices xerais sobre os títulos e as correspondentes ensinanzas.

Os citados reais decretos, que se ditan sobre a base da competencia que se atribúe ao Goberno na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE), introduce as ensinanzas deportivas no sistema educativo, tal e como queda recollido no artigo 7.3º da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (LOCE) e no artigo 3 e no capítulo VIII da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE).